



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres, 27 de outubro de 2023

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación, ope legis, das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión ordinaria realizada o día 29 de setembro de 2023.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da Alcaldía de modificación do Anexo de subvencións nominativas do Orzamento municipal para 2023. (EXPEDIENTE Nº: 2023/T002/000026)



3. Proposta da Alcaldía de modificación do Plan Estratéxico de Subvencións para 2023. (EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000020)

4. Proposta da alcaldía de modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal. (EXPEDIENTE Nº 2023/G016/000001)

5. Proposta da alcaldía de modificación da Ordenanza reguladora da taxa por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e as reservas da vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades. (EXPEDIENTE Nº 2023/G016/000001)

6. Proposta da alcaldía de modificación da Ordenanza reguladora da taxa de recollida domiciliar de residuos sólidos urbanos. (EXPEDIENTE Nº 2023/G016/000001)

7. Proposta da alcaldía de establecemento do prezo público polas actividades do Nadal. (EXPEDIENTE Nº 2023/G015/000002)

B) PARTE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

8. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 853/2023 do 25 de setembro á Nº 954/2023 do 20 de outubro.

9. Mocións de urxencia.

10. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Infórmase, para os efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán [*Documento asinado electrónicamente*]